

MAIO XOVE 2009

Participantes:

A CORREDOIRA
A ESMORGA
ABRAN PASO, TEATRO
AGLET
ALBIÓN
AMARANTE
AMENCER
AMIGOS DA TERRA
AMIGOS DO MONOPATÍN
AMNISTÍA INTERNACIONAL
ANACOS DA CIDADE
ÁREA DE CULTURA DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE
ASOCIACIÓN AFROLATINA, ASALA
ASOCIACIÓN ASTRONÓMICA DE OURENSE
ASOCIACIÓN CIRCULO MÁXICO
ASOCIACIÓN CULTURAL MARAÑO
ASOCIACIÓN DE ESGRIMA ANTIGA DE OURENSE
ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA
ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES SENEGALESES DE OURENSE, AISO
ASOCIACIÓN DE MULLERES SEPARADAS
ASOCIACIÓN SAHAJA YOGA
ATOX
AULA DE TEATRO, ESTHER MOVILLA
AULA DE TEATRO, LOLY BUJÁN
AVALÓN, ASOCIACIÓN XUENIL
CAPOEIRA, OBRADOIRO DE BRANQUIÑO
CENTRO QUÉROTE
CHIKUNG, OBRADOIRO DE MARÍA JOSÉ CID
CITES
CLUB ALPINO OURENSÁN
CLUB DEPORTIVO DA CASA DA XUVENTUDE
COLECTIVO SOCIOCULTURAL VIOLETA
CONCELLERÍA DE XUVENTUDE
CRUZ VERMELLA
DANZA DO VENTRE, OBRADOIRO DE EVA DOMÍNGUEZ
ESCAQUES 64, ASOCIACIÓN XUENIL
GALICIA TERRA DE ACOLLIDA
GALIZA AUDIOVISUAL
GALIZA NOVA
GRUPO DE DANZA QUEIXUMES DOS PINOS
MANAZAS, ASOCIACIÓN DE MALABARES
MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES
N+1, TEATRO
NOVAS XERACIÓNS
SCOPULUS, ASOCIACIÓN XUENIL
SOLIDARIDAD INTERNACIONAL
STREET DANCE, ASOCIACIÓN CULTURAL
VERDEGAIA
XARELA
XUVENTUDES SOCIALISTAS

Coordina:

CASA DA XUVENTUDE DE OURENSE

• VENRES, 1

Campaña 'Fala galego é natural'. A partires dunha unidade didáctica para educadores e rapaces/as, dunha camiseta dun póster anímase a falar na nosa lingua. Ata o 31 de maio. Organiza Amencer.

Exposición '15 Aniversario do grupo de Danza Queixumes dos Pinos' a historia do grupo a través de recortes de prensa, cartelería, traxes rexionais, vídeos. Dende o 23 de abril ata o 6 de maio. Na sala de exposicións da Casa. Organiza Queixumes dos Pinos.

Concursos: 'Hipercurtos contos', 'Deseño grafico de carátulas para CDs', 'Creación do logotipo Casa solidaria', 'V concurso de Tempo Libre no XXII aniversario da asociación xuvenil Amencer' . Dentro da actividade mes das Letras Galegas. Organiza Amencer.

'Mes da vida sen tabaco' coas seguintes actividades: Mesas informativas con reparto de material ao longo do mes de maio. '12 concurso de creación da mascota do día Mundial sen tabaco' e '13º Feira sen Fume'. Organiza Amencer.

'Curso de Italiano' todos os venres do mes de maio, para inscribirse diante da entidade organizadora Amencer

• SÁBADO, 2

Xogos, aventuras e festivais: 'IV torneo de Fútbol Sala Feminino', 'Parchís Chis Chis', 'A tope na ponte', 'Circus' 'Facendo o indio' 'Xuntanza ADS'. Ao longo do mes de maio, para máis información diante da asociación organizadora Amencer.

'IVº Torneo de warhammer fantasy' no pavillón da Casa. Para anotarse ou máis información diante da asociación organizadora Albión.

'Sesión aberta de Circo', dirixida a toda clase de público onde se descubrirán os segredos de disciplinas de malabarismo dun xeito sinxelo. Pelotas, mazas, diábolo, aros, monociclo, rulo sons algúns dos obxectos que se amosarán neste divertido obradoiro. De 10 a 14 horas na Casa. Organiza, Asociación xuvenil Manazas.

• LUNS 4

'Vida e obra de Ramón Piñeiro' dúas exposicións didácticas de 18 paneis con fotografías, debuxos, textos da súa vida e obra. Ata o 31 de maio, na sala dos 15 anos da asociación organizadora Amencer

'Recursos para animar en galego o tempo libre'. Exposición de materiais para animar en galego as actividades educativas de tempo libre carteis, dípticos, libros... Ata o 31 de maio, na sala dos 15 anos da asociación organizadora, Amencer

Clase aberta de Capoeira, para todos os interesados en coñecer os segredos da capoeira, danza, loita e cultura brasileira. Ás 20.30 h. no pavillón da Casa. Organiza Obradoiro de Capoeira de Branquiño

• MARTES, 5

'Liberdade e liberación'. Documental que recolle unha visión que vai moito máis alá da liberación da patria de Shri Mataji Nirmala Devi: A visión da liberdade, o equilibrio e a transformación interior de cada individuo, unha visión pola que paga a pena loitar. Ás 19,30 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Asociación Sahaja Yoga.

• MÉRCORES, 6

'A caricia da Serpe'. Recital poético, con poemas de Lino Braxe musicados por Miguel Ladrón de Guevara e Rómulo Sanjurjo. Ás 20 horas no salón multiusos do Edificio de facultades. Organiza, Área de Cultura do Campus de Ourense.

'O libro da Selva' dentro do **'Ciclo de Cine: Os Eixos Transversais'** dedicado ao medio ambiente. Ás 20.15 horas na sala de vídeo da Casa, anotarse na secretaría da

Casa antes do luns 4 de maio, prazas limitadas. Organiza: alumna do prácticum do Master en Diversidade.

• **XOVES, 7**

'El proceso de lo Posible'. Proxección do documental no que se intenta plantexar unha mundialización diferente e afirmar que un mundo menos inhumano e máis solidario é posible. Ás 20 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Anacos da Cidade.

• **VENRES, 8**

'Menos 1'. Exposición-Proxección de danza da bailarina Ruth Balvís dentro do programa Enredarte. Comisario: José Paz. Ata o día 31 de maio. Na sala de exposicións da Casa. Organiza, Casa da Xuventude.

'Ourense en cuarta' presentacións das curtametraxes realizadas en Ourense no último ano. Ás 20 horas no salón de actos do Edificio Politécnico. Organiza Área de Cultura do Campus de Ourense.

Festa Enredarte, na praza de Paz Nóvoa, coa actuación do grupo musical **'Rayo verde'** e da escola de danza **'Estilo libre'** para inauguración do programa Enredarte 2009. Ás 22 horas. Organizan Asociación de Comerciantes e Empresarios praza Paz Nóvoa e Enredarte.

'Solo un beso' de Ken Loach, dentro do **Ciclo de cine: 'Cine en Igualdade'**. Narra a historia de amor entre Casin e Roisin, a desconfianza que a súa unión crea nos seus ambientes. Ás 19,45 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Asociación de Gays e Lesbianas de Ourense (AGLET).

• **SÁBADO, 9**

Formación de animadores de Amencer, no albergue salesiano de Allariz. Organiza Asociación Amencer.

Torneo Guitar Hero (1º Torneo Guitar Hero en Ourense), toda a tarde, na sala de vídeo da Casa. Organiza, Asociación Albión

• **DOMINGO, 10**

Circuíto Periurbán a Ourense: Percorrido de BTT polos arredores de Ourense, polos concellos limítrofes, na procura de sendeiros que nos amosarán zoas verdes preto da cidade aptas para este tipo de actividades. Ás 10 horas no Parque de San Lázaro. Organiza Asociación Club Alpino Ourensán- Cam.

Celebración do Día Internacional de Comercio Xusto, realización de distintas actividades na Rúa do Paseo: reparto de globos para nenos, pintura de cara, contacontos, xogos do mundo, degustación de produtos de Comercio Xusto... Organiza Taller de Solidariedade e Solidaridad Internacional.

• **LUNS, 11**

'Saharawi Donna', 'Sahara occidental'. Documentais que amosan unha nación que quere existir, a situación da xente do Sahara hoxe en día. Ás 20 horas na Sala de vídeo da Casa. Organiza, Asociación Afrolatina ASALA.

• **MARTES, 12**

'Madame Brouette', filme dramático, dirixido por Moussa Sene, narra a vida de Mati. Ás 19,30 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza, AISO (Asociación de Inmigrantes Senegaleses de Ourense)

'O despertar da enerxía Kumdalini'. Taller de meditación, Ás 18,45 horas no quinto andar da Casa. Organiza Asociación Sahaja Yoga.

• MÉRCORES, 13

Curso de Voluntariado Básico, curso que se levará a cabo os días 13 e 14 no local da propia asociación organizadora en horario de 18 a 21 horas. Organiza Asociación Xarela.

Conversas con Antxon Serrano, misionero Xaveriano. Ás 20 horas no salón multiusos do Edificio de Facultades. Organiza Área de Cultura do Campus de Ourense.

'Cadena de favores' dentro do **'Ciclo de Cine: Os Eixos Transversais'** dedicado ao medio ambiente. Ás 20.15 horas na sala de vídeo da Casa, anotarse na secretaría da Casa antes do luns 4 de maio, prazas limitadas. Organiza: alumna do prácticum do Master en Diversidade.

• XOVES, 14

'Clase aberta de Chikung'. Poden participar todas as persoas interesadas nesta disciplina oriental, na que se traballa o corpo e a mente aplicando distintas técnicas. Ás 19 horas no 5º andar da Casa. Organiza taller de Chikung de María José Cid Listón.

'La clase' filme dramático, de Laurent Cantès. Narra a historia de Françoise e os demais profesores, como se preparan para enfrontarse a un novo curso nun instituto dun barrio conflictivo. Ás 19.45 horas na sala de vídeo da casa. Organiza Cites de CCOO.

• VENRES, 15

Actuación de Ruth Balvís. A bailarina actuará na sala de exposicións da Casa, espazo da súa mostra en Enredarte. Ás 22 horas. Organiza, Casa da Xuventude.

'Noite europea dos museos'. Apertura da sala de exposicións da Casa ata as 24 horas. Actividade coordinada coas demais salas e galerías de arte da cidade, dentro do programa Enredarte. Actúa 'Banda Oculta', grupo de rock que celebra o seu 1º ano de existencia. Formado por Leandro, Fernando, Saúl, Loayra, Pablo e Sandra. A partir das 22.30 horas. Organiza, Casa da Xuventude.

Recital de Poesía. Ás 22,30 horas, no Grándola. Organiza , Galiza Nova

Obradoiro: 'Cómo preparar un bo currículo', Neste obradoiro informaremos, orientaremos e asesoraremos a todos/as os/as participantes sobre os pasos que deben seguir e a correcta redacción do currículo. Anotarse e máis información na entidade organizadora, asociación Xarela.

'Mujer contra mujer' de Martha Coolidge, dentro ciclo de cine en igualdade. É un filme sobre mulleres e as súas pasións, que resulta emocionante, divertido e sorprendente. Ás 19.45 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Asociación de Gays e Lesbianas de Ourense (AGLET).

'Open Water Padi': Mergullo en augas abertas. Do 15 de maio ao 13 de xuño, ás 20.30 horas. Para máis información ou anotarse diante da entidade organizadora, Concellería de Xuventude

'Contando', Ciclo de contacontos a cargo de Avelino González. Ás 23 horas nos locais da entidade organizadora, A Esmorga.

• SÁBADO, 16

'As tres plumas' O grupo Andaina , organiza obradoiros de aventuras relacionados coa cultura dos indios americanos, pola mañá, nos locais da asociación organizadora, Amencer.

'Somos grupo' Probas de coñecemento sobre nós mesmos como grupo e sobre as letras galegas .Ao longo da mañá, nos locais da asociación organizadora ,Amencer.

'III Torneo de Warhammer 40K', todo o día na, sala 4, da Casa. Organiza a Asociación Albión.

Torneo de Xadrez. Aberto tanto a socios como non socios da Casa da Xuventude. 15 premios ós 15 primeiros clasificados (trofeo e libros de xadrez). Participan entre 40 e 60 xogadores. Dende as 16 horas, no pavillón da Casa. Organiza, Escaques 64.

'Baile' exhibición de baile moderno, funky, hip-hop e jazz. Ás 18 horas no salón da Casa. Organiza Street Dance

• **DOMINGO, 17. DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

'XXVI Premio Ourense de contos'. Dáse a coñecer a decisión do xurado do premio Ourense de Contos para a Mocidade, na súa vinte e cinco edición, convocado pola Agrupación de Libreiros de Ourense e maila Casa da Xuventude, co patrocinio da Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine.

Sendeirismo por Vilavella (Concello de A Mezquita)- Parque Natural de Montesinhos (Portugal) 25 Kms. Dificultade Media. Ás 9.00 no Parque de San Lázaro (para de autobuses), organiza a Asociación, A Corredoira.

Torneo de tenis de mesa en formato liga, mixto. Xogarase ao longo da mañá no pavillón da Casa. Organiza Asociación Scopulus.

• **LUNS, 18**

'O aborto' mesa redonda na que participan Celsa Perdiz (traballadora do COF) e representante da Marcha Mundial das Mulheres na Coruña. Presentación da publicación '**Dereito a decidir**'. Ás 20 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza, Marcha Mundial das Mulleres.

'**Mais de 100 anos**', proxección de documental en conmemoración dos cento trinta anos de vida do Partido Socialista. Ás 20.30 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza XXSO.

'**Poboación de Gaza, vítima permanente**'. Exposición: paneis explicativos da situación da xente que vive en Gaza, dende hoxe ata o 30 de maio na sala de exposición da Casa. Organiza, Amnistía Internacional.

• **MARTES, 19**

Venta de café e cacao solidario de comercio xusto, nos locais da Asociación organizadora, Amencer.

'**Taller de erótica entre iguais**', impartido pola sexóloga Eva Moreiras, traballarase a percepción e a autosensibilización, base para o goce erótico. Ás 19.30 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza, Asociación de Gays y Lesbianas de Ourense (AGLET).

• **MÉRCORES, 20**

'**Taller de Danza do Ventre**' aula aberta a tódalas mulleres interesadas nesta modalidade de baile. Ás 20.15 horas na Casa, organiza Taller de Danza de Ventre de Eva Domínguez.

'**Aplicacións Educativas en mundos virtuais**', conferencia de Ruth Martinez. Ás 20 horas no salón de actos do Politécnico. Organiza, Área de Cultura do Campus de Ourense.

'**Obradoiro aberto de memoria 0-99**' o Departamento de Persoas Maioras de Cruz Vermella Ourense ven traballando dende o eido da psicoestimulación cognitiva o empoderamento e promoción dos maiores mediante o adestramento sistemático dun elemento fornecedor da calidade de vida: a memoria. Unha sorte de accións que se presenta como un episodio interxeneracional. Ás 18 horas salón da Casa . Organiza Cruz Vermella Xuventude.

'**Sophie va de compras**' dentro do '**Ciclo de Cine: Os Eixos Transversais**' dedicado ao medio ambiente. Ás 20.15 horas na sala de vídeo da Casa, anotarse na secretaría da Casa antes do luns 4 de maio, prazas limitadas. Organiza, alumna do prácticum do Master en Diversidade.

• **XOVES, 21**

'**Contando**', ciclo de contacontos, hoxe a cargo de Kiko Cadaval, ás 22 horas nos locais da entidade organizadora, A Esmorga.

Proxección de vídeos e curtas realizadas por galegos 'El cumpleaños' de Daniel Cid Sánchez, 'El equipaje' e 'Sala de espera' de Santiago García, 'El Gaiterio Toca' de Andrés Victorero, 'Multiverso dos' de Jorge Emilio Bóveda, 'El paseo' de Eugenia Manzanares. Ás 20 horas, na sala de vídeo da Casa. Organiza, Galicia Audiovisual.

• VENRES, 22

Taller de Literatura e Astronomía. Ás 22 horas na Aula Natureza de Oira, entrada libre e gratuíta. Organiza, asociación Astronómica de Ourense.

'A wong foo', 'Gracias por todo' de Beeban Kidron, dentro do ciclo de cine, cine en Igualdade, comedia que narra a historia de tres Drays Queens, que comezan unha viaxe en automóbil de Nueva York a Hollywood, na metade do camiño estropeaselle o coche parando nun lugar en metade da nada. . Ás 19.45 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza, Asociación de Gays e Lesbianas de Ourense (AGLET).

Campionato de Fútbolín 'Selección galega oficial e internacional xai'. Ás 22 horas no Patio Andaluz (inscribirse no local do Bng, Trampitán, Auriense, A Esmorga, Patio Andaluz). Organiza, Galiza Nova.

'Os contos de acolá'. Contacontos a cargo do grupo de teatro dirixido por Laura Barreiros. Ás 19.30 horas, no salón da Casa. Organiza Atox

'Historia de una escalera' de Buero Vallejo, representación do 1º acto a cargo do grupo aula de teatro de Esther Movilla. **'Historia dun instante'** representación a cargo do Grupo n+1 dirixido por Esther Movilla. Ás 20 horas no salón de actos da Casa. Organiza Aula de teatro de Esther Movilla.

• SÁBADO, 23

'Día sen coches'. De 10 a 13 horas, con diversas actividades, comezando na Casa da Xuventude, presentación e charla sobre seguridade vial, Gimkana etc. Organiza, Amigos da Terra.

'Andaina a Outariz', rematando cun taller de Chi Kung ó aire libre. Anotarse e máis información diante da entidade organizadora Asociación de Fibromialxia.

'Los crímenes ejemplares' de Max Aub, representación teatral a cargo do grupo Abran Paso teatro. Ás 19 horas no salón de actos da Casa. Organiza, Abran Paso Teatro.

'Curso de Defensa persoal'. Os sábados 22 e 30 de maio, e 6 de xuño, de 11 a 13 horas no Ximnasio Marbel. Anotarse ou máis información na entidade organizadora, Concellería de Xuventude.

• DOMINGO, 24

'Esgrima Antiga'. Desde as 10 ás 19 horas con distintas actividades, entre as que atoparemos: charla coloquio sobre a evolución histórica da esgrima, clases de iniciación, exhibición e asaltos e finalmente un torneo de Ropera. No pavillón da Casa, para anotarse ou máis información diante da entidade organizadora, Asociación Ourenzá de Esgrima Antiga (AOurEA).

'Andaina Termal' en conmemoración do Día das Letras Galegas'. Saíndo do pavillón dos Remedios ás 12 horas, chegamos a Outariz, onde haberá unha lectura de textos de Ramón Díaz Piñeiro, a quen se dedica este ano o día das Letras, desenvolverase unha xornada de convivencia festiva. Para máis información diante da Asociación organizadora, Mulleres Separadas de Ourense

• LUNS, 25

'100% Attawassoul'. Exposición de fotografías que amosan a realidade da muller traballadora do téxtil en Marrocos: feita polos xornalistas Juan Sola e Roi Palmás para Amarante, a exposición prolongarase ata o 15 de xuño, na sala de exposicións da Casa. Organiza, Amarante.

'Unha Lousa sobre o Courel', filme de Enrique Banet. Narra unha historia máis de enfrontamentos entre a sociedade civil e o poder (económico e, por sometemento

político), unha historia máis dunha traizón feita aos cidadáns e, sobre todo, a historia dun silencio cómplice que permitiu que esta maquinaria de destrución fose a avanzando. Ás 19.45 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Verdegaiá.

Introdución ás técnicas do coiro. Obradoiro no que se ensinara a elaborar moedeiros, pulseiras, cintos, pendentes... desenvolverase dende hoxe ao 28 de maio, de 20 a 22 horas nos locais da Asociación organizadora, Xarela.

• MARTES, 26

‘Curso Iniciación á lingua italiana’. De 16 horas de duración, martes e xoves do 26 de maio, ao 25 de xuño, de 18 a 19,30 horas. Para máis información ou anotarse diante da entidade organizadora, Concellería de Xuventude.

‘Vete y Vive’ de Radu Mihaileanu. Filme que narra tres historias distintas sobre a situación de inmigrantes en diferentes países. Ás 19.45 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza Amnistía Internacional.

• MÉRCORES, 27

‘Mississippi Masala’ dentro do **‘Ciclo de Cine: Os Eixos Transversais’** dedicado ao medio ambiente. Ás 20.15 horas na sala de vídeo da Casa, anotarse na secretaría da Casa antes do luns 4 de maio, prazas limitadas. Organiza, alumna do prácticum do Master en Diversidade.

Faladoiro co alcalde de Ourense: Don Francisco Rodríguez na Casa, ás 21 horas. Organiza XX SS.

• XOVES, 28

Xuntanza de Bloggers ourensáns. Representando distintas temáticas, ás 20 horas na Casa. Organiza, Casa da Xuventude.

‘Yossi y Jagger’ filme de Eytan Fox. Retrata a historia dun amor entre dous oficiais israelís nunha base do exército situada na fronteira israelí-libanesa. Ás 19.45 horas, na sala de vídeo da Casa. Organiza, Amnistía Internacional.

• VENRES, 29

‘Tarde de oca’: os rapaces de Buxaina amosarán os seus coñecementos no auténtico xogo da oca con probas relacionadas coa natureza. Organiza Asociación Amencer.

‘Cemiterio de automóbiles’ de Fernando Arrabal. Representación teatral: A ida dos máis pobres tamén ten un ritmo, uns rituais, uns lazos de realidade, incluso cando ten lugar nunha paisaxe desoladora, un cemiterio de automóbiles. A chegada dun mesías pode acender o facho da esperanza nunha sociedade reprimida e represiva. Os aires de liberdade viaxan tan rápido que deixan todo como estaba’ As 20.30 horas no colexio Salesianos. Organiza, Asociación Cultural Maraño, teatro.

‘Contando’, ciclo de contacontos, hoxe ás 23 horas a cargo de **Cándido Pazó**. Nos locais da entidade organizadora A Esmorga.

Copa de fútbol sala Casa da Xuventude. Na súa 6ª edición, disputarase na modalidade de liguiña inicial e despois eliminatorias. Ao longo de todo o día, no pavillón da Casa. Organiza, Club Deportivo da Casa da Xuventude.

Club Lectura Recunchos literarios (de)ambulantes. Tema: roles homes-mulleres nos contos infantís. ‘Sabes o conto da rata presumida?’. As persoas dinamizadoras da tertulia son membros do Colectivo Violeta que partirán dun guión de lectura. Cada participante trae un conto infantil e nós traemos a nosa versión neste caso a nosa proposta é o da Rata Presumida, do que saíran outros contos e tamén libros que falan dos contos, o seu análise... Falamos nunha posterior tertulia do simbolismo, da moralidade que lanzan, dos autores. Ás 20 horas, sala de vídeo Casa. Organiza Colectivo Sociocultural Violeta

• **SÁBADO, 30**

Torneo de Magic. Xogo de estratexia e fantasía en formato de cartas coleccionabeis. A actividade terá lugar ao longo do día na Casa. Máis información, legacyourense@hotmail.com ou diante da entidade organizadora Asociación Avalon.

Campionato de Monopatín no Skate Park dos Remedios. Ao longo do día, no exterior do pavillón dos Remedios. Para anotarse ou máis información diante da entidade organizadora Amigos do Monopatín.

'Ourense máxico'. Presentación da asociación 'Circulo Máxico' e realización de xogos de maxia por parte dos seus membros. Ás 19 horas na sala de vídeo da Casa. Organiza, Asociación Circulo Máxico.

Primeiro Concurso de Tortillas 'Cidade de Ourense'. Ao longo da tarde na Praza Maior, haberá premios para a mellor tortilla de pataca , para a tortilla mais orixinal e tortilla nova. Para mais información e bases na web: www.novasourense.com ou nos locais da propia asociación organizadora, NNGG- Novas Xeracións.

• **DOMINGO, 31**

IV Asemblea Galega de Asociacións e Entidades relacionadas coa Inmigración e Emigración de Retorno. Realización de distintas actividades cun relatorio, presentación de propostas na asemblea, lectura dun manifesto, rematando a actividade cun festival. Desde as 10 ata as 17 horas, no Colexio Salesianos e na Praza Maior. Organiza, Galicia Terra de Acollida.

'Contigo pan y cebolla'. Representación a cargo do grupo obradoiro de Loly Bujan. Historia dunha familia que vive na Habana, as súas necesidades, anhelos, frustracións, alegrías e tristezas en clave de humor. Ás 20 horas no Teatro Principal. Organiza Obradoiro de teatro de Loly Buján

Para as actividades da Asociación Xuvenil Amencer, máis información, web: www.amencer.org

Coordinación: Rosa González e Ana García.
Telf. 888 228 500. secretaria@casaxou.com